

Presidencia da Audiencia Provincial da Coruña

O presidente da Audiencia Provincial da Coruña é a figura representativa da institución xudicial na provincia. Noméao o Consello Xeral do Poder Xudicial. O seu mandato dura cinco anos. Compatibiliza as tarefas gobernativas e representativas do cargo coa presidencia dunha sección da propia Audiencia.

O presidente da Audiencia Provincial da Coruña é o maxistrado Ignacio Picatoste Sueiras.

Ingresou na carreira xudicial por oposición en 1990 e o seu primeiro destino foi o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Lalín. Despois, exerceu nos Xulgados de San Sebastián, Ferrol e A Coruña. En 2005 incorporouse como maxistrado á Audiencia coruñesa. Conta cunha ampla experiencia gobernativa, pois foi xuíz decano dos Xulgados de Lalín e desde 2004 forma parte, como membro electo, da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.